



# Estamos en Rede

PROXECTO DE INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA NA CIDADE DE VIGO

# O PROXECTO

*Estamos en Rede* nace da incertidume que estamos a vivir debido á pandemia do COVID-19.

Estamos ante unha situación á que nunca antes tivemos que afrontarnos, e por iso, todo o que fagamos vainos definir como sociedade, é neste intre no que a Educación Social ten que servir como nexo e dar ferramentas para que todas as persoas continuen co seu desenvolvemento, sen esquecer que nos necesitamos entre nós.

Pretendemos conectar de novo a nenas e nenos, procurando a cooperación e a comunicación entre estes/as e as súas familias, pero non só iso, estamos en tempos de reinventar o lecer e dende este proxecto ofreceranse novas opcións para xogar e divertirse acorde coas circunstancias que hoxe vivimos.

# A QUEN VAI DIRIXIDO

Ás nenas e ós nenos de entre 6 e 12 anos xunto coas súas familias, son os eixos fundamentais do proxecto.

A unión e cooperación entre familias será esencial para a creación de redes de apoio.

# COMO SE VAI A FACER

As redes de apoio e cooperación entre as crianzas e as suas familias será facilitado a través dunha plataforma de videoconferencia.

O desenvolvemento das actividades de ocio serán realizadas en bloques temáticos que se repetirán todas as semanas.

Luns:	Xuntanza na Rede
Martes:	Taller Artístico
Mércores:	Taller Ecolóxico
Xoves:	Receitas
Venres:	Taller de Fotografía

# Xuntanza nas Redes



Son reunións semanais nas que as persoas participantes poderán compartir inquedanzas e experiencias vividas no confinamento. Búscase a creación de redes de apoio e a posta en común sobre os problemas xurdidos durante a corentena, por exemplo, cos deberes das crianzas, a ocupación do tempo libre, novas necesidades...

A duración de cada xuntanza será de 45 minutos aproximadamente, o número de persoas participantes recomendable é de 12, para axilizar a comunicación.

Crearánse varios grupos segundo a idade das crianzas.

# Taller Artístico

Os martes serán compartidos videotutoriais para que as crianzas atopen novas opcións de expresión artística para levar a cabo en familia ou de forma individual.

Algúns do talleres que se van propor son:

Encadernación.

Impresión con xelatina.

Creación dun cuño.

Marmoleado.

# Taller Ecológico

Dentro da casa hai moitas cousas que podemos facer polo medio ambiente, e con este taller ímolo comprobar.

Os mércores serán compartidos videotutoriais mostrando actividades que se poden facer na casa e que contribúen a mellorar a nosa pegada no medio ambiente.

Algunhas das actividades propostas son:

Tintas caseiras.

Reciclaxe de papel.

Crear as nosas propias macetas.

Plantación de froitas e verduras.

# Receitas

O confinamento é unha oportunidade perfecta para aprender a cociñar. Os xoves, con este taller veremos como podemos realizar algún platos de forma nutritiva e sinxela en familia.

Faremos estas receitas:

Biscoito

Xeado

Tortitas

Batido de froitas



# Taller Fotográfico

Un dos eixos deste proxecto é a comunicación a través das redes sociais, para iso, cada semana será proposta unha temática de fotografía que poderemos publicar ben sexa na páxina de Facebook ou de Instagram.

Desta maneira poderemos compartir, a través da fotografía, a nosa visión do mundo en corentena e explorar as nosas dotes artísticas a través dunha cámara.

Algunhas das temáticas serán:

Que vexo dende a miña ventá.

O meu paseo diario.

A miña mascota.

O meu libro favorito.

# Estamos en Rede

PROXECTO DE INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA NA CIDADE DE VIGO

SONIA LEIRO PADÍN  
estamosenrede@foanpas.com  
<https://estamosenrede.foanpas.com>

